Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Pedra Alta ou Antela

A Pedra Alta é un menhir, tamén é coñecido como Antela, e é a que dá nome á lagoa de Antela. Era o marco divisorio de tres concellos da provincia de Ourense: Xunqueira de Ambía, Vilar de Barrio e Sarreaus, que forman parte do Val de Antela ou A Limia A virxe ía voando de camiño a Cortegada dende o monte Poedo levando a pedra na cabeza e ó chegar onde está hoxe, caéulle quedando chantada no chan. Outros dín que era unha moura que ía fiando á vez que levaba a pedra na cabeza. [Texto e foto remitidos por Xavier Feixoo, Sandiás, Ourense]



BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

NOVOA RIVERO, Rocío, «Os penedos no Val de Antela», nº 8 da revista "*Pontenova. Revista de Novos Investigadores"*, Deputación de Pontevedra, 2003.(http://pdf.depontevedra.es/ga/103/JsujUuwEPr.pdf)